- Poñer en marcha liñas formativas e de asesoramento a profesionais e familias para a prevención e detección de abusos a mulleres con discapacidade.
- Reforzar e ampliar os recursos, servizos e prestacións existentes a dispor das vítimas de violencia de xénero, como a atención psicolóxica, a asistencia xurídica gratuíta, as axudas directas periódicas, solucións habitacionais e axudas para a súa inserción laboral, co fin de que logren unha plena independencia.
- Poñer en marcha o Plan Integral de Actuación para a Renovación e Impulso dos CIM de Galicia co fin de impulsar a súa actividade, optimizar este recurso e adaptalo á evolución das dinámicas sociais e ás necesidades de funcionamento.
- Fomentar a Rede Galega de Entidades Locais contra a violencia de xénero.

Lousame, na data da sinatura dixital.

A Alcaldesa, Mª Teresa Villaverde Pais

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Esteban Ares García (FECHA: 23/12/2024 16:30:00) , Paula Ares Otero (FECHA: 26/12/2024 10:16:00)
Versión imprimible
CVD: tsKVYEWvD+YNS7KWHDgC
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo:

"O 25 de novembro celébrase o Día internacional para a eliminación da violencia contra a muller. Un día de reflexión e sensibilización para expresar o rexeitamento máis profundo a todo tipo de violencia contra as mulleres.

A violencia de xénero, como manifestación extrema de desigualdade, é un problema público e social de primeira magnitude, xa que representa un ataque ao dereito á vida, á integridade física, á liberdade e á non discriminación, todos eles valores irrenunciables que proclama a nosa Constitución e o noso Estatuto. Por iso todos os poderes públicos temos o deber de adoptar as medidas necesarias para facer reais e efectivos eses dereitos.

É un obxectivo prioritario de gobernos e administracións acadar a eliminación de todas as formas de violencia que aínda hoxe afectan ás mulleres. Para elo, é preciso a implicación e a concienciación da cidadanía porque a violencia de xénero é un problema de todas e todos e polo tanto entre todos e todas debemos tentar derribar cos muros de silencio que aínda a rodean.

Apelemos á tolerancia cero cos maltratadores para poñer fin a esta repudiable lacra e xunto con toda a cidadanía, colaborar na construción dunha Galicia máis solidaria, máis equilibrada e sen discriminación.

Por todo o exposto, a Corporación do Concello de Lousame adopta o seguinte ACORDO:

1. **Instar ao Concello de Lousame a:**

- Mellorar a capacidade da detección temperá de todos os tipos de violencia contra as mulleres e os menores desde todos os recursos municipais e en coordinación coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e os servizos sociais e sanitarios.
- Facilitar, na medida do posible, a formación do persoal municipal e en especial, daqueles que teñan atención ao público para detectar os posibles casos de violencia de xénero encuberta.
- Desenvolver campañas divulgativas e preventivas de xeito continuado contra todas as formas de violencia de xénero, con especial incidencia as dirixidas á poboación infantil e adolescente, en coordinación coa comunidade educativa.
- Promover a través dos centros municipais para a mocidade accións dirixidas a este colectivo para a promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero.
- Continuar co impulso á Mesa Local de Coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, en colaboración coa Xunta de Galicia e a Delegación do Goberno, como instrumento para optimizar a cooperación de todas as institucións e entidades implicadas na loita contra a violencia de xénero.
- Ratificar o compromiso firme do Concello de Lousame cos dereitos das mulleres, a erradicación de calquera tipo de violencia machista e a loita contra calquera discurso negacionista e posicionamento político que negue a violencia de xénero ou que rexeite as políticas públicas enfocadas á súa total erradicación.

2. **Instar ao Goberno de España a:**

FIRMADO POR Esteban Ares García (FECHA: 23/12/2024 16:30:00) , Paula Ares Otero (FECHA: 26/12/2024 10:16:00)
Versión imprimible
CVD: tsKVYEWvD+YNS7KWHDgC
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- Renovar o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, que leva conxelado desde o ano 2022, coa incorporación de medidas específicas contra a violencia vicaria e a violencia dixital.
- Revisar os erros do sistema Viogen, á hora de valorar o risco das vítimas de violencia de xénero.
- Promulgar unha lei contra a trata de persoas, comprometida no Pacto de Estado.

3. Instar á Xunta de Galicia:

- Poñer en marcha liñas formativas e de asesoramento a profesionais e familias para a prevención e detección de abusos a mulleres con discapacidade.
- Reforzar e ampliar os recursos, servizos e prestacións existentes a dispor das vítimas de violencia de xénero, como a atención psicolóxica, a asistencia xurídica gratuíta, as axudas directas periódicas, solucións habitacionais e axudas para a súa inserción laboral, co fin de que logren unha plena independencia.
- Poñer en marcha o Plan Integral de Actuación para a Renovación e Impulso dos CIM de Galicia co fin de impulsar a súa actividade, optimizar este recurso e adaptalo á evolución das dinámicas sociais e ás necesidades de funcionamento.
- Fomentar a Rede Galega de Entidades Locais contra a violencia de xénero."

Finalizada a votación o Alcalde en funcións quere dar noraboa a toda a Corporación por ser capaces de consensuar entre todos este tipo de declaracións. Agarda que sexa posible facelo noutros temas.

O voceiro do PSdG-PSOE, considera que Lousame é un exemplo para moitos Concellos da contorna, en relación ao que pasou o luns. En chegar a un acordo entre todos para facer un acto conxunto como o que tivo lugar o día 25 de novembro. Para el é un orgullo, sobre todo en temas tan serios como este.

O voceiro do Grupo Mixto quería felicitar á concelleira de Servizos Sociais porque o acto do 25 de novembro estivo moi ben organizado. Invitouse a toda a Corporación Municipal, contando coas persoas concelleiras que non forman parte do equipo de goberno. Espera que este cambio de rumbo que ten o goberno siga así.

A concelleira de Servizos Sociais amosa o seu agradecemento, pero tamén quere recordar que noutros anos tamén se invitou ás entidades sociais e coida que tamén á oposición. No ano 2023 o acto non tivo lugar polo mal tempo. Pero non é a primeira vez que invitamos a asociacións como A Misela, A Creba...

O voceiro do Grupo Mixto refírese á participación dos concelleiros da oposición. Foi a primeira vez que a Corporación apareceu unida fronte ao público, foi a primeira vez que isto sucedeu. Viñemos a máis actos pero cada grupo político estaba separado.... Aquí deuse unha imaxe de unidade, de que toda a Corporación está xunta para cousas importantes e serias como é a violencia de xénero.

O Alcalde en funcións considera que disto se trata. Que en temas importantes poidamos deixar o logotipo a un lado e este foi un bo exemplo que hai que tomar de cara o futuro.

4) DACIÓN DE CONTA DO CAMBIO DE VOCEIRO TITULAR E SUPLENTES NO GPM DO PSDG-PSOE

FIRMADO POR Esteban Ares García (FECHA: 23/12/2024 16:30:00) , Paula Ares Otero (FECHA: 26/12/2024 10:16:00)
Versión imprimible
CVD: tsKVYEWvD+YNS7KWHDgC
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O artigo 24 do ROF sinala que os grupos políticos municipais constituiranse mediante escrito dirixido ao Presidente e subscrito por todos os seus integrantes, que se presentará na Secretaría Xeral do Concello, dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación (do 10 ao 14 de xullo). No mesmo escrito de constitución farase constar a designación do voceiro do grupo, podendo designarse tamén suplentes.

O Grupo Político Municipal (GPM) do PSdeG-PSOE (con Rexistro de entrada 1328 do 10/07/2023), presentou escrito comunicando a constitución do GPM e a designación de voceiro do seguinte xeito:



Así, por medio do presente escrito, comunico a **CONSTITUCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE**

que estará formado polos seguintes integrantes:

1) Ana Maria Dominguez Laiño
2) Juan José Prego Ces
3) Iria Insua González
4) Cristián González Rodríguez

A **VOCEIRA** será: Ana Maria Dominguez Laiño, actuando como suplentes:

1) Juan José Prego Ces
2) Iria Insua González

No Pleno Extraordinario de organización, que tivo lugar o día 12/07/2023, deuse consta da constitución do GPM do PSdG-PSOE e da designación dos voceiros titular e suplentes.

O GPM do PSdG-PSOE (con rexistro de entrada 202499900000689 do 17/11/2024) presentou escrito comunicando a modificación dos voceiros titulares e suplentes do seguinte xeito:

- Voceiro titular: Juan José Prego Ces
- Voceiros suplentes:
    1) Cristian González Rodríguez
    2) Iria Insua González

No cumprimento do artigo 24 do ROF dase conta ao Pleno Corporativo, da dita modificación.

A Corporación queda enterada.

5) DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA: DA 587/2024 Á 761/2024

O Alcalde en funcións da conta das Resolucións da Alcaldía da núm. 587 a 761 do 2024, postas a disposición dos concelleiros/as, a través do Portal de Cargos Electos.

A Corporación queda enterada.

FIRMADO POR Esteban Ares García (FECHA: 23/12/2024 16:30:00) , Paula Ares Otero (FECHA: 26/12/2024 10:16:00)
Versión imprimible
CVD: tsKVYEWvD+YNS7KWHDgC
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

6) DACIÓN DE CONTA DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XGL

O Alcalde en funcións da conta dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local, mediante a remisión das seguintes actas a través do Portal de Cargos Electos:

- Acta XGL do 24.10.2024

A Corporación queda enterada.

7) DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DA INTERVENCIÓN RELATIVOS Á ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

O Alcalde en funcións da conta dos Informes da Intervención relativos á estabilidade orzamentaria emitidos nos seguintes expedientes, postos a disposición dos concelleiros a través do Portal de Cargos Electos:

- MC 23/2024
- MC 24/2024
- MC 26/2024
- MC 27/2024

A Corporación queda enterada.

8) DACIÓN DE CONTA DO PMP RELATIVO AO 3 TRIMESTRE DO 2024

O Alcalde en funcións da conta do Período Medio de Pagamento a Provedores do 3º trimestre do exercicio 2024 que ascende a 12,32 días.

A Corporación queda enterada.

9) INCLUSIÓN DE MOCIÓNS POR RAZÓN DE URXENCIA

O voceiro do Grupo Mixto anuncia a presentación dunha moción relativa á situación do idioma propio da Galiza e á adopción de medidas para a súa normalización.

O Alcalde en funcións, tras a lectura das propostas de Acordo, e ao ver que se contempla o acordo de adhesión á Plataforma Queremos Galego, proponlle ao voceiro do Grupo Mixto non presentar a moción, e deixala para ser estudada na vindeira Comisión Informativa que teña lugar. Posto que descoñece o que supón que o Concello se adhira á dita Plataforma e fáltalle información para poder decidir sobre o fondo do asunto.

O voceiro do Grupo Mixto acepta a proposta do Alcalde en funcións, pero solicita que sexa tratada na vindeira Comisión Informativa que teña lugar.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Esteban Ares García (FECHA: 23/12/2024 16:30:00) , Paula Ares Otero (FECHA: 26/12/2024 10:16:00)
Versión imprimible
CVD: tsKVYEWvD+YNS7KWHDgC
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

10) ROGOS E PREGUNTAS

O Alcalde en funcións anuncia que os rogos e preguntas que se formulen neste Pleno, serán contestados na vindeira sesión plenaria.

O voceiro do PSdG-PSOE procede a formulas os seus rogos e preguntas:

1.- Pregunta se o Concello vai facer algo en relación cun asunto que xa foi obxecto de pregunta neste Pleno. Sobre unha cuneta en Fontefría. A pregunta xa se fixo dúas veces no Pleno. Coas enchentas que houbo, a auga cada vez se mete máis nesa finca. E agora o marco da finca xa está dentro da cuneta. É un tema que afecta á seguridade viaria, porque agora a cuneta ten moito fondo.

2.- Hai outra pregunta que xa se trouxo e está sen contestar. Que é onde está emprazada a Asociación de Taekwondo de Lousame.

3.- Tamén quere saber se en Arxellas se puxeron as sinais de prohibido circular aos camións.

D. Ramón M. Martínez Rial, sinala que non hai unha sinal de prohibido camións, senón que hai unha sinal de paso estreito. O sinal está colocado no sentido da circulación por onde o GPS manda ir aos camións. Houbo un camión que quedou atascado no sentido contrario. Pero cre que foi o primeiro caso. Xa que o GPS non manda ir por aí aos vehículos. Tamén recorda que está pendente de facer unha obra de *riego* e cando se faga, se repoñerá a sinalización e máis cousas.

4.- Gustaríalle saber que se vai facer no monte da Filgueira. Hai árbores marcadas, enténdese que para cortar. Hai unha finca que está dentro do catastro do monte, pero é unha finca privada; e ao parecer, dentro desa finca tamén hai árbores marcadas. Gustaríalle saber que é o que se vai facer alí.

5.- Queren saber se vai acabarse o saneamento na Filgueira. Hai tres casas, ou máis ben catro, sen saneamento.

6.- Hai unha pregunta delicada. Hai unha casa abandonada en Ces, que está nun estado de abandono moi grande. Non é só o perigo de derrube que ten senón que hai un perigo de incendio no verán. Non sabe se se tomou medidas con esa casa.

7.- Cre que o Inventario de Bens está rematado e gustaríalle saber de quen son as vivendas que están á entrada de San Finx. Se son da empresa concesionaria da Mina ou son do Concello.

8.- Non sabe se o equipo de goberno é coñecedor de que hai un problema de tráfico moi pesado en Servia. Moita xente se queixa de cruzarse con camións de madeira onde está a ponte. É perigoso. Non só pola incomodidade dos coches de dar marcha atrás, senón que eses camións tan grandes e pesados poden deteriorar a ponte.

O voceiro do Grupo Mixto procede a formulas os seus rogos e preguntas:

1.- Nun dos últimos Plenos que houbo a Alcaldía trouxo unha resolución da Deputación conforme se volvían a aprazar a devolución dos préstamos provinciais á Deputación. Hoxe pola mañá aprobouse na Deputación o novo POS para este ano, e vese como o Concello de Lousame ten que devolver unha parte dese préstamo. Ao final vese como o tempo lle está dando a razón. O Concello neste momento xa devolveu parte do préstamo provincial, ou quere pensar iso. Porque xa nos quitou unha parte. E no POS que se lle vai conceder ao Concello, que xa teñen que ter a documentación, tamén se lle vai sacar ao Concello outra gran parte. Non

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Esteban Ares García (FECHA: 23/12/2024 16:30:00) , Paula Ares Otero (FECHA: 26/12/2024 10:16:00)
Versión imprimible
CVD: tsKVYEWvD+YNS7KWHDgC
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

é certo que non houbera que pagar a débeda contraída coa Deputación. Ou que quede aprazada. O que se buscou foi unha fórmula para que os Concellos non teñan que pagar a débeda toda xunta de todos os anos. Este ano o Concello xa ten que devolver parte. E a Deputación nin tan sequera lle vai ingresar xa os cartos. Xa llos quita do POS directamente. Co cal si que hai que devolver ese préstamo.

O Alcalde en funcións toma a palabra para anunciar que vai contestar esta pregunta. E sabía además que o voceiro do Grupo Mixto lle ía facer esta pregunta. E por iso ten toda a información para poder contestala. Agora aprobouse un POS Adicional no ano 2024 e parte dese POS vaise destinar a amortizar un dos préstamos que nos concedera a Deputación, Pídelle á Secretaria que o corrixa no caso de confundirse.

A Secretaria-Interventora, a petición da Alcaldía en funcións, explica que o Concello de Lousame ten en vigor varios préstamos que lle concedeu a Deputación nos anos 2015 ao ano 2020. Todos estes préstamos suman un pouquiño máis de 900.000 €, en números redondos. No ano 2024, o Concello de Lousame non tiña que facer ningunha amortización ordinaria destes préstamos. Xa que a Deputación da Coruña, anualmente, vai prorrogando o prazo para iniciar a devolución deses préstamos. Os préstamos concedidos nos anos impares comezaban a súa devolución no ano 2025. E os préstamos concedidos nos anos pares, comenzaban a súa devolución no ano 2026.

Este ano, o Concello de Lousame solicitou e foi concedido pola Deputación o POS Adicional 3/2024. A resolución de concesión que foi notificada o 22/11/2024, concédelle ao Concello de Lousame o importe de 32.847,63 €. A Deputación, en vez de transferir esa cantidade ao Concello de Lousame, o que fai é xa directamente, destinala á amortización do préstamo máis antigo que temos vixente, o PAI 2015. Entón, da cantidade que debíamos á Deputación ao inicio do exercicio 2024 (900.308,55 €), ao facer esta amortización extraordinaria financiada co POS Adicional 3/2024, pasaremos a deberlle á Deputación 867.460,92 €, a finais do exercicio 2024. ¿Cando se teñen que devolver esa contía? Pois, salvo que veña un novo acordo en sentido contrario, pola Deputación da Coruña, o prazo para devolver as amortizacións ordinarias, dos préstamos concedidos en anos impares (2015, 2017 e 2019), sería no ano 2027 (xa que no mes de setembro deste ano, chegou unha nova resolución de aprazamento da devolución destes préstamos) e remataría a devolución no ano 2036. E o prazo para devolver as amortizacións ordinarias, dos préstamos concedidos en anos pares (2016, 2018 e 2020) sería no ano 2026. Descoñecemos se van a prorrogar a súa devolución.

Isto é, os préstamos que ao inicio do exercicio 2024, tiñan un prazo de devolución que comenzaba no 2025 (préstamos concedidos nos anos impares), por resolución de setembro do 2024, aprázase a súa devolución até o ano 2027. En relación ao POS para o ano 2025, aínda non chegou ningunha notificación ao Concello e polo tanto descoñece en que termos se tratou este tema.

O voceiro do Grupo Mixto di que no POS 2025 vanse detraer ao Concello cartos, que xa non se ingresan, para pagar o préstamo. Esas cartas que chegaron o que fan é aprazar a devolución dos préstamos, para que non haxa que devolver todo xunto. Pero os Concellos si que van a devolver os préstamos xa este ano.

O Alcalde en funcións di que si. Pero que eses préstamos non se están devolvendo con fondos propios do Concello de Lousame. Senón que o préstamo devólvese sufragado por unha aportación que da a Deputación da Coruña.

O voceiro do Grupo Mixto entende que son fondos do Concello porque son fondos que lle correspondían ao Concello e xa non os vai recibir.

O voceiro do PSdG-PSOE di que a información que ten da Deputación é que se reteñen uns cartos, pero que eses cartos despois van para o POS Adicional. É un *págame, pero despois devólvochos.*

O voceiro do Grupo Mixto considera que non é así.
O voceiro do PSdG-PSOE di que si é así.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Esteban Ares García (FECHA: 23/12/2024 16:30:00) , Paula Ares Otero (FECHA: 26/12/2024 10:16:00)
Versión imprimible
CVD: tsKVYEWvD+YNS7KWHDgC
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O voceiro do Grupo Mixto di que o POS lévamo unha deputada do BNG. E é como el o está explicando. O Concello de Mazaricos leva moito máis POS sendo máis pequeno que outros Concellos da comarca. Por que? Porque non ten débeda contraída coa Deputación.

O voceiro do PSdG-PSOE di que só hai tres Concellos na provincia da Coruña que non pediran os préstamos provinciais. E a débeda vaise solventar así. Retéñense uns cartos, que eses cartos van outra vez para os POS Adicional.

O voceiro do Grupo Mixto di que no POS Adicional eses cartos non lle van a tocar a Lousame. Vanse repartir cuns determinados criterios.

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia en funcións rematouse a sesión sendo ás vinte e unha horas e cinco minutos (21:05 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo o Alcalde en funcións e da que eu, secretaria, dou fe.

O Alcalde en funcións, Esteban Ares García.

A Secretaria, Paula Ares Otero

FIRMADO POR Esteban Ares García (FECHA: 23/12/2024 16:30:00) , Paula Ares Otero (FECHA: 26/12/2024 10:16:00)
Versión imprimible
CVD: tsKVYEWvD+YNS7KWHDgC
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).